



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA DE
ALLARIZ



crecendo
XUNXS
Erasmus + I.E.S. Allariz 2021-23



Cofinanciado por
la Unión Europea

Experiencia Erasmus: Conexións Internacionais do IES de Allariz

O IES de Allariz, centro Erasmus acreditado do ano 2022 ao 2027, dá comezo ao segundo proxecto acreditado coa mobilidade de curta duración dunha estudante de 1º de Bacharelato nun instituto de ensinanza secundaria en Dijon, Francia. Nesta ocasión, foi a Consellería de Educación quen nos facilitou o contacto co centro a través do programa Picasso Mob no cal participamos.

A nosa alumna asistiu durante catro semanas ao Lycée Carnot e foi acollida na casa dun estudante dese centro, quen previamente acollimos un mes no noso IES en novembro de 2023. A estadía da alumna coa súa familia francesa transcorreu sen contratempos, deixándonos profundamente satisfeitas.

A incorporación no centro, tanto da alumna como das docentes acompañantes foi moi acollidora por parte de toda a comunidade educativa. As docentes tiveron a oportunidade de visitar o Lycée Carnot coa profesora Isabel Antunes, consolidando a conexión co entorno educativo local. Agradecemos sinceramente a colaboración da profesora e a oportunidade de abordar problemas de loxística, ademais de dialogar sobre futuras melloras para esta mobilidade, co obxectivo de optimizar a experiencia global da alumna e avanzar na mellora de posibles futuras mobilidades. Nesta fase do programa, a alumna tivo a oportunidade de estudar xunto a estudantes franceses/as, mellorar o seu coñecemento da lingua e mergullarse na riqueza cultural do lugar.

A experiencia da nosa alumna no Lycée Carnot en Francia foi excelente. Tras o seu retorno ao Instituto de Allariz, en Galicia, podemos afirmar con alegría que esta experiencia foi tremendamente positiva. A alumna reintegrouse facilmente á nosa comunidade escolar, tras vivir unha experiencia enriquecedora e transformadora. Durante a súa estadía de catro semanas en Francia como parte do programa Erasmus, puido mergullarse completamente na cultura francesa, fortalecer as súas habilidades lingüísticas e académicas, e establecer lazos de amizade que



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA DE
ALLARIZ



crecendo
XUN+XS
Erasmus + I.E.S. Allariz 2021-23



Cofinanciado por
la Unión Europea

perdurarán no tempo. Estamos encantadas de ter participado neste programa Erasmus que non só enriqueceu a vida da nosa alumna, senón tamén a de toda a nosa institución educativa.

Agardamos con entusiasmo continuar a participar en futuras mobilidades para seguir promovendo esta enriquecedora experiencia no noso centro. A nosa aventura Erasmus continua coa preparación da mobilidade a Italia dun grupo de estudantes, que participarán nunha estadía no Liceo Giacomo Ulivi, en Parma en abril de 2024.

O equipo Erasmus do IES de Allariz